

No Peirao



marzo
2007

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

Dominga Brión: a alcaldesa do cambio e do progreso en *Ribeira*

O VICEPRESIDENTE ANXO QUINTANA, AS CONSELLEIRAS DE VIVENDA E SOLO E DE CULTURA, ASÍ COMO NUMEROSOS ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALIZA, DO PARLAMENTO E DA DEPUTACIÓN, ARROUPAN A DOMINGA BRIÓN NA PRESENTACIÓN DA SÚA CANDIDATURA Á ALCALDÍA DE RIBEIRA.



DOMINGA BRIÓN:

“Traballarei polo interese de toda a cidadanía sen distincións, por recuperar o tempo perdido e por mellorar a nosa calidade de vida.”

“A creación de emprego será, non teñades ningunha dúbida, unha das nosas máximas prioridades.”

ANXO QUINTANA:

“Ribeira ten en Dominga Brión unha oportunidade que non vai deixar pasar.”

“Os teus proxectos, en sintonía co goberno galego, contan e sempre contarán con todo o noso apoio.”

“Diante dos problemas os veciños acudiron a Dominga!”



Máis de 300 persoas, representantes de todos os sectores económicos e sociais de Ribeira, ateigaron a Casa do Mar para apoiar a presentación de Dominga Brión como candidata a alcaldesa.



A candidata á alcaldía convida a toda a cidadanía a **apoiar ao BNG**



Imaxe da presentación da candidatura de Dominga Brión na Casa do Mar de Ribeira.

Máis de trescentas persoas de todas as idades, e representativas de todos os sectores sociais de Ribeira, atenderon ás propostas de Dominga Brión. A candidata do BNG, interrompida en numerosas ocasións polos aplausos dos asistentes, pediu a “participación masiva de toda a cidadanía”, incluídos aqueles que ata o de agora non tiñan confiado en nós pero que están defraudados polo goberno do PP. “*Por iso fágovos un chamamento á mobilización de toda a veciñanza para impulsar a Ribeira da prosperidade*”.

Entre os moitos cargos da Xunta de Galiza que arrouparon a Dominga Brión, unha clara aposta do nacionalismo polo cambio político na cidade,

estiveron: Anxo Quintana, vicepresidente da Xunta; Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura e Deporte; Teresa Táboas, conselleira de Vivenda e Solo; Xaime Bello, vicepresidente da Deputación; Carme Adán, secretaria xeral da Igualdade; Rubén Cela, director xeral de Xuventude; Rubén Lois, director xeral de Turismo; Ana Rúa, directora xeral de Comercio; Antonio Oca, director xeral de Calidade Agroalimentaria; Ana Pontón, deputada; Bieito Lobeira, deputado; Xoán Carlos Bascuas, delegado provincial de Vivenda e Solo; Xosé Luís Barcia, delegado provincial de Industria; Tereixa Novo, delegada provincial de Vicepresidencia; Rosario Fernández Velho e Rosana Pérez da Executiva Nacional.



O traballo feito

Se algo caracterizou o traballo de Dominga á fronte da oposición nesta lexislatura foi a súa cercanía á sociedade. Non houbo reivindicación veciñal pola que o BNG non se interesase. Foron centos as xuntanzas coa xente, centos as iniciativas levadas ao Pleno Municipal e centos as xestións perante a Deputación, a Xunta, o Parlamento Galego ou o Congreso do Estado. Dominga expresábo así: “*A vosa presenza hoxe aquí demostra o compromiso que temos con esta cidade. O Polígono Industrial ou o Centro de Día para a terceira idade son mostras de que o cambio, en Ribeira, xa é unha realidade. Só falta completalo cun novo goberno municipal a partir de Maio*” (...) “*Ao longo desta lexislatura que remata estivemos sempre a carón dos veciños e veciñas para axudar a resolver problemas que “outros” non foron capaces, mesmo suplindo a pasividade dun goberno incompetente.*”



O traballo por facer

DIANTE DE REPRESENTANTES DOS SECTORES SOCIAIS do noso Concello, a candidata do BNG adiantou as liñas básicas do seu programa:

Unha das prioridades será favorecer a creación de emprego: potenciando os sectores produtivos: o mar (a nova lonxa, máis servizos portuarios), a industria (co novo polígono) e a actividade comercial e turística (apoiando a

creación do Consorcio de turismo). Tamén faremos un gran esforzo na inversión e xestión en infraestruturas... (lograr por fin a circunvalación, mercado municipal e matadoiro, o edificio multiusos, a estación de autobuses...).

Un terceiro eixo centrarase na mellora e extensión dos servizos –auga e saneamento– a todas as vivendas do concello, cun urbanismo máis huma-

no, coa construción de vivenda de promoción pública e a rehabilitación integral de áreas que o necesitan. Traballaremos pola mellora do transporte público e o ordenamento do tráfico... e como non, con auténticas políticas de atención á terceira idade, ás mulleres, de dinamización xuvenil e promoción do deporte e da cultura. E non só na cidade de Ribeira, as nosas parroquias deben por fin ser atendidas como merecen, non só no eido das infraestruturas, tamén nos eidos sociais, culturais...

Dominga Brión...

...máis preto ca nunca

A CREDIBILIDADE DA NOSA PROPOSTA VIRÁ DA MAN DO NOSO TRABALLO FEITO, MESMO CON LOGROS IMPENSABLES DESDE A OPOSICIÓN –COMO O DO POLÍGONO DUN MILLÓN DE METROS– E DO NOSO EQUIPO, QUE LEVA CATRO ANOS TRABALLANDO CUNHA ILUSIÓN COMPARTIDA: RIBEIRA.

Muller, casada, nai, traballadora e... aínda tes tempo para dedicarte á política?

Esas condicións que me atribúes son extensibles a unha gran parte, esencial, da sociedade de Ribeira, da que levo preto de media vida formando parte. Síntome polo tanto plenamente identificada con ela e traballar polo seu futuro forma parte do meu compromiso político e social.

Como valoras a situación política de Ribeira?

Coido que a situación é francamente mellorable. Os altos índices de paro e a precariedade laboral ocasionan a tremenda sangría da emigración que tanto padecemos; o descontrol urbanístico está botando a nosa xente fóra; a falla de infraestruturas e servizos básicos sufrímolos a cotío... Todo isto é unha constatación obxectiva.

Para cambiar esta situación fai falla unha proposta...

Unha proposta crible. Porque os programas poden ser todos maravillo-



sos pero se logo non se cumpren non valen de nada. E o PP non cumpríu en 20 anos de goberno. A credibilidade da nosa proposta virá da man do noso traballo feito, mesmo con logros impensables desde a oposición, como o caso do Polígono de un millón de metros, e do noso equipo...

...Iso, fálanos do teu equipo

Será un equipo de homes e mulleres por igual en todos os tramos, e de todas as parroquias do Concello, un equipo que xa leva traballando catro anos, con capacidade demostrada e cunha ilusión compartida: Ribeira.

Moitos din que Ribeira é un feudo conservador, que...

...Ese é un tópico desmobilizador que interesa á dereita e que non se sostén cos últimos datos electorais, por exemplo das eleccións galegas: o PP perdeu a maioría en Ribeira, algo que non pasaba desde 1993. Se conseguimos que a cidadanía se exprese pensando no que convén a Ribeira, por diante mesmo da ideoloxía de


cadaquén, o cambio será, ten que ser, unha realidade.

Cales van ser as primeiras medidas que vas poñer en funcionamento cando sexas alcaldesa?

Hai tanto por facer! Un regulamento de participación cidadá nas decisións municipais; unha humanización real das rúas –na cidade e nas parroquias– con zonas verdes, parques infantís, control urbanístico...; unha aposta decidida polos colexios públicos; un programa cultural, de ocio en todos os eidos, serio, variado e que se achegue tamén ás parroquias, sempre deixadas de lado; unha verdadeira axencia de desenvolvemento local que argalle saídas profesionais para as franxas de idade que o teñen máis difícil; unha aposta polas vivendas de promoción pública... O dito, tantas cousas!

Podes chegar a ser a primeira alcaldesa da historia de Ribeira


Que grande honra! Sería un reflexo de que as mulleres por fin empezamos a contar na sociedade como merecemos.



O BNG pode gobernar tras 20 anos da dereita!


O PARTIDO POPULAR VÉN SUFRINDO UNHA PERDA CONTINUA DE VOTOS, mesmo nas eleccións locais, nos últimos anos. **O seu descenso é xa imparable.**

Evolución electoral do PP



O BNG DE RIBEIRA EXPERIMENTA UN CONTINUADO AUMENTO DE VOTOS nos últimos procesos electorais, incluídos os locais, polo que **o cambio é máis posible ca nunca!!!** Nas pasadas eleccións, ao BNG faltáronlle só 70 votos para lograr o quinto concelleiro, que perdería o PP.

Evolución electoral do BNG



O BLOG DE DOMI
www.bng-ribeira.org/domi/



É o momento do cambio

O vindeiro mes de maio celebraranse eleccións municipais. Temos polo tanto o dereito, máis tamén a responsabilidade, de escoller aos gobernantes do noso pobo. A decisión que tomemos vai ser vital. As alternativas son dúas: apostar polo continuísmo ou impulsar o necesario troco de rumbo da política local.

Persoalmente considero que é o momento dun cambio, e que nós, o equipo do Bloque Nacionalista Galego, estamos en condicións de lideralo. O traballo feito é o noso mellor aval, pero tamén o equipo extraordinario que me acompaña neste reto, así como un programa solvente e de futuro co que abordaremos os problemas estruturais da nosa Ribeira. Ademais, o noso exercicio da labor política estará presidido pola honestidade, a humildade, a participación da cidadanía, fundamental para nós na acción de goberno, pero tamén pola firmeza na toma de decisións e o respecto institucional tanto ao resto dos grupos municipais como ás distintas institucións.

Ese é o meu compromiso, a obriga que me impoño para que a Ribeira centenaria sexa vangarda de modernidade, de desenvolvemento, de participación cidadá, de calidade de vida e do benestar que a cidadanía ben se merece.

Queres recibir por correo electrónico as novas políticas de Ribeira?

Contacta con nós

Coa túa colaboración podemos **CAMBIAR RIBEIRA**

O BNG é a opción útil que pode lograr o cambio!!

Todos os días de 18:30 a 20:00 estamos na Sede local (Amarella, 2)

barbanza@bng-galiza.org • www.bng-galiza.org/barbanza



-Decías que eras probe e tiñas unha vaca, eh?